

# Leilía

## *CONSENTIMENTO*

*Eva Castiñeira presentouse nas nosas vidas por casualidade, foi a raíz de descubriremos o disco Recolleita, como Eva se nos amosou coa súa sinxeleza e o seu ben cantar, alá polos anos oitenta.*

*Ese disco, que supuxo un fito na historia da música galega ó recoller de primeira man a maneira de expresarse dun pobo, por medio das melodías de Florencio dos Vilares e de Eva Castiñeira, sen unha razón que responda á lóxica, supuxo un lanzamento para Florencio, pero non para Eva, que lonxe de acadar o recoñecemento máis que merecido, seguiu nas mans do esquecemento.*

*De aí xurdiu a idea, o fío condutor deste traballo: darlle protagonismo a unha muller de moita valía, pero que estaba agochada na sombra.*

*Empezamos as pesquisas para localizar a Eva e ás persoas que levaran a cabo a gravación. Queríamos coñecela, contarlle o moito que nos gustan os temas que ela canta, cantar con ela, que gravara connosco... E buscándoa a ela atopamos a Pablo Quintana, que estivera presente na gravación alá polo ano 81. Pablo, cun altruísmo sen parangón ofreceuse a axudarnos en todo canto precisáramos. E así, nesta procura, de forma di-*

*recta, en primeiro plano e sen anestesia chegounos a nova de que Eva xa non vivía.*

*Era unha posibilidade que barallabamos, pero non por iso deixou de impactarnos, e o impacto inmovilizounos por un tempo, pero decidimos que esta nova realidade non podía parar o noso proxecto, e mudamos o rumbo do noso traballo. Ela xa non ía cantar connosco, pero nós si podíamos cantar as melodías que ela engalanara coa súa voz, e que repenicaban con ansia e forza nas nosas cabezas. Os encaixes no ar xa tiñan ás...*

*Este traballo empeza con ela e acaba con ela. Péchase o círculo. Chegou o tempo de Eva, os tempos das Evas, das mulleres que gardan tesouros vivos na súa memoria, que amosan a sabiduría dun pobo en cada estrofa, que cantan á vida para darlle vida a un tempo que se foi e non vai volver.*

*A merecida homenaxe é feita *CONSENTIMENTO*.*

*Este disco vai por Eva e por todas as Evas, para que nunca as súas voces sexan voces segredas, para que agromen con forza e acaden o espazo sinxelo e digno que lles corresponde. Vai por elas!*